



ACORDO POLO QUE SE MODIFICA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE COVELO NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS OBRAS DE REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE COVELO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

1. Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o día 07.04.20 co Concello de Covelo o instrumento convencional arriba referido.

2. Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Modificar a redacción da cláusula segunda do convenio, que queda redactada do seguinte xeito:

“1. O Concello de Covelo, como titular do centro de saúde, asume as seguintes obrigas:

- Elaboración e supervisión do correspondente proxecto técnico de obras.
- Contratación, dirección e execución das obras de reforma do centro de saúde.

2. Corresponderá ao Servizo Galego de Saúde a coordinación, xunto co concello, daquelas actuacións que resulten necesarias para garantir o mantemento e a continuidade asistencial durante o prazo de execución das obras.”

3. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

4. Que o acordo de modificación que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- O día 07.04.20 asinouse o convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Covelo no que se establecen as bases para o desenvolvemento das obras de reforma do Centro de Saúde de Covelo.

- Na súa cláusula segunda do convenio, o Concello de Covelo asumía a contratación, dirección e execución das obras de reforma do centro de saúde, correspondendo ao Servizo Galego de Saúde, entre outras obrigas, a elaboración e supervisión do correspondente proxecto técnico de obras.

-Coa finalidade de axilizar a execución das obras de reforma, o Concello de Covelo finalmente decidiu encargarse da elaboración e supervisión do proxecto, polo que procede modificar a redacción da cláusula segunda co convenio.

5. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola*





que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

